

NOTA DE PRENSA

200 familias con bebés recibiron xa 16 mil litros de auga de balde

O Grupo Cuevas regalará 150 compras e un coche Ford para celebrar o seu 150 aniversario

- **Artur Yuste, director xeral de Cuevas, destaca que as campañas e os actos do 150 Aniversario “demostran as nosas sensibilidades sociais, e a nosa aposta polo lugar onde vivimos, polo territorio e polo benestar das persoas”.**

Os actos do 150 Aniversario de Grupo Cuevas instálanse de cheo na sociedade, nas familias e nos clientes da “nova compañía centenaria”. Na recta final do ano, os sorteos en todos os establecementos da marca galega de alimentación substitúen os eventos culturais (a creatividade artística ao redor da relatividade do tempo), os premios, a memoria audiovisual e os encontros a pé de rúa (eventos de Street Márketing en varias cidades galegas). O 9 de outubro arrincou a esperada campaña de sorteos para premiar a fidelización dos clientes, coincidindo co século e medio de vida da compañía.

Sen dúbida, a cifra protagonista ao longo de todo o trimestre será o 150. Ese é o número de velas da celebración e tamén o número de carros de compra que serán sorteados e o do valor económico que acadará cada un deles. Ademais, a campaña terá como gran premio final un vehículo Ford, cortesía do concesionario Tomóvil (de Grupo Cuevas). Trátase do modelo KA+ Ultimate.

Poderán participar todos os clientes -maiores de idade- que realicen unha compra igual ou superior a 15 euros en calquera dos supermercados Aquí, Aquí e Plenus de Galicia, e igual ou superior a 30 euros nalgún dos establecementos cash & carry do grupo (Cash Cuevas).

Entre o 9 de outubro e o 9 de decembro, a cada comprador faráselle entrega dun boleto de participación que deberá introducir, correctamente cumprimentado, na urna habilitada no punto de venda que visitou. A participación é gratuíta e os únicos requisitos son realizar a compra mínima establecida e depositar na urna o boleto cos datos de localización do participante.

O sorteo ante notario dos primeiros 75 carros de compra terá lugar o 15 de novembro, ás 11 da mañá, e o segundo (outros 75 carros de compra) foi fixado para o 13 de decembro, igualmente ás 11 da mañá. O gañador do premio final, o coche Ford KA+ Ultimate, coñecerase o propio día do segundo sorteo (o 13 de decembro), ás 12 da mañá. Nos tres casos, os sorteos

celebraranse nas oficinas centrais do Grupo Cuevas, situadas en Rúa dos Teceláns, número 5, en Ourense.

Os gañadores dos carros de alimentación poderán realizar a súa compra gratuíta, ata un valor máximo de 150 euros, no prazo de 20 días contados a partir da data de comunicación do premio. Terá que efectuarse dunha soa vez e nun único punto de venda (supermercado ou cash & carry), que será o establecemento da rede do Grupo Cuevas no que o gañador depositara a súa papeleta de participación.

Pola súa banda, o sorteo do Ford KA+ Ultimate efectuarase entre todos os participantes na promoción, excluídos os agraciados cos carros de compra. O premio do vehículo, cortesía do concesionario Tomóvil, non inclúe posibles gastos referidos a melloras e extras que non se correspondan co modelo sorteado, nin os derivados da contratación do seguro, pago de impostos, taxas e gastos relacionados co premio. O coche será entregado no concesionario Tomóvil Cuevas dentro do prazo de 20 días naturais contados dende a comunicación do gañador.

Artur Yuste, director xeral da compañía, para quen esta campaña “é o mellor modo de premiar a fidelidade das familias que confían en nós”, destaca que “a emoción e a innovación”, é dicir, a filosofía empresarial que fixo posible un exitoso percorrido empresarial de 150 anos de historia, instálanse agora de cheo nos actos do 150 Aniversario, e de forma particular na campaña que premia a fidelización dos clientes nas catro provincias galegas: “Os Mozos Centenarios de Cuevas queremos mostrar as nosas sensibilidades sociais, as nosas conviccións empresariais e o noso compromiso e aposta polo lugar no que vivimos, manténdonos fieis ao espírito e ao legado que recolleemos e que temos a obriga de entregar no futuro ás xeracións vindeiras.

Tarxeta Benvida

Fieis ao seu compromiso social e ao seu gran desafío de facilitar o benestar das persoas, os supermercados e centros de Grupo Cuevas participan con intensidade na campaña Tarxeta Benvida da Xunta de Galicia, que destina ás familias con fillos unha axuda de 1.200 euros anuais para a compra de produtos infantís durante o primeiro ano de vida.

Cuevas complementa ese importe anual con descontos de ata un 3% nos seus establecementos, con ofertas especiais, con promocións exclusivas e con obsequios directos, como 150 botellas de auga durante o primeiro ano de vida do neno, é dicir, unha botella por cada ano de percorrido que acumula o Grupo Cuevas dende a súa fundación. Desta promoción beneficianse ata a data máis de 200 bebés, que recibiron en total máis de 16.000 litros de auga (en botellas de 1,5 litros) e un pack personalizado co seu propio nome. A maioría son residentes nas provincias de Ourense e Pontevedra. Con estas dúas accións, o Grupo Cuevas conxuga os grandes obxectivos para conmemorar os 150 anos: “o territorio e as persoas, as nosas máis profundas razóns”.